



# CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR

## Plans de Biblioteca e Lectura

Curso 23 - 24

## Índice do plan de biblioteca e lectura

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan de biblioteca e lectura no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

### 4. Avaliación do plan de biblioteca e lectura

- 4.1. Seguimento do plan
- 4.2. Avaliación
- 4.3. Modificación dos plan

### 5. Difusión do plan de biblioteca e lectura

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**CÓDIGO:**15023508

**NOME:** CEIP Plurilingüe Virxe do Mar

**ENDEREZO:** Rúa Illas Cíes, nº 2. C.P. : 15570

**POBOACIÓN:** Narón

**TELÉFONO:** 881 93 03 83

**CORREO ELECTRÓNICO:** [ceip.virxedomar@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxedomar@edu.xunta.es)

**PÁXINA WEB:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/>

O centro está catalogado na Rede de Centros como centro de 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

Na actualidade están en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria, contamos con dous grupos en 2º, 3º e 6º de Educación Primaria.

O claustro está composto por 20 membros máis dúas mestras de relixión católica, que pertencen aos claustros do CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia e CEIP de Piñeiros.

No presente curso están matriculados 202 alumnos/as, 55 en Educación Infantil e 147 en Educación Primaria.

### 1.2. Breve xustificación do mesmo

Estes plans elabóranse coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos que establecen as Ordes que desenvolven os decretos de currículo da educación infantil e da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



O plan de lectura terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Neste documento pretendemos reflectir os obxectivos e iniciativas en prol da lectura dinamizando os recursos do centro para posibilitar unha aprendizaxe activa en todas as áreas e niveis.

A biblioteca pretende ser un centro de información e de recursos para profesorado, alumnado e familias facilitando igualdade de oportunidades para a aprendizaxe, ocio e creatividade.

### **1.3. Contextualización do Plan de biblioteca e lectura. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

#### **➤ Características socio-económicas e culturais**

O barrio onde se atopa o centro é un conxunto de bloques de casas na barriada das chamadas Casa da Mariña. Casa de barrio antigas cunha superficie habitables inferior ós 80 metros cadrados. A maioría das familias vive nestas casas.

O contexto socioeconómico e cultural do alumnado é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro, que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros

escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo.

Na análise de composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe alta pertence, en xeral, a unha clase social media-baixa.

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.

A ANPA do centro, amosa disposición de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan desde o centro.

A maioría do alumnado do centro vive no entorno inmediato do mesmo, polo tanto pertence a un ambiente urbano. A meirande parte pertence a unha clase media baixa, so a nai ou o pai traballan e unha pequena parte dos alumnos vive nunha familia sen que ningún dos seus proxenitores teña traballo.

Non todas as familias dispoñen dos medios necesarios para lograr un bo hábito de estudo e mellorar o seu rendemento académico.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e teñen como lingua materna o castelá, lingua falada diariamente nas súas casas. Existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

#### ➤ **Contribución do plans ao Proxecto Educativo do Centro**

O plan de biblioteca e lectura ten o propósito de impulsar unha serie de medidas que faciliten ao alumnado o desenvolvemento de prácticas lectoras e habilidades intelectuais e que incorporen o uso regular da biblioteca escolar como recurso para unha aprendizaxe activa a través da búsqueda de información.

permanente. pretende dinamizar todos os recursos da biblioteca escolar e posibilitar o achegamento das nenas e nenos á lectura e a unha aprendizaxe

É un espazo aberto a alumnado, profesorado e familias que intenta aportar materiais que fomenten a lectura como medio de entretemento e información (exposicións, conta-contos, visitas de autores, dramatizacións...).

Como xa se mencionou, a biblioteca pretende ser un centro de información e de recursos para profesorado, alumnado e familias facilitando igualdade de oportunidades para a aprendizaxe, ocio e creatividade facendo uso de todos os recursos dispoñibles e intentando que se favoreza o desenvolvemento de todas as capacidades do alumnado.

A súa vez tamén temos como obxectivo involucrar ás familias e que poidan dispoñer deste recurso de información e aprendizaxe.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento da biblioteca

### 2.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Ordenadores de sobremesa, impresora, proxector e pantalla, mesa de luz, equipamento de radio...	Non sempre están dispoñibles os ordenadores pois son escasos ou están avariados.
	<b>PERSONAL DOCENTE</b>	Membros do equipo con formación específica na biblioteca e radio escolar.	Escaso horario do equipo persoal para organización e xestión de todas as actividades.
	<b>ALUMNADO</b>	Alumnado colaborador voluntario de 6º de educación primaria.	Pérdida de motivación dalgún alumnado co paso do tempo.
	<b>OFERTA</b>	Apertura 3 días á semana polas tardes, sesión de titoría semanal e empréstimo nos recreos.	Non asistencia das familias no horario de tardes.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Implicación en actividades propostas.	Escaso tempo para a coordinación do equipo e organización de tarefas.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Dotación de exemplares bibliográficos para a biblioteca escolar.	Orzamento de uso exclusivo para libros.
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración coa biblioteca do Concello.	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

- Fomentar o hábito da lectura no alumnado do centro.
- Promocionar a biblioteca escolar na comunidade educativa e utilizar os seus recursos.
- Formar aos usuarios, tanto alumnado como profesorado na xestión e funcionamento da biblioteca escolar.
- Fomentar a lectura e expresión oral en lingua galega.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

1. OBXECTIVO (1):						
Fomentar o hábito de lectura no alumnado					Acadado	
RESPONSABLE:						
Claustro e equipo de biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Aceptación das actividades propostas polo profesorado						
Valor de partida (3)						
O valor de partida é cero						
Valor previsto e data (4)						
O valor previsto é a final do curso						
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Programar conta-contos, kamisibai, dramatizacións.. por parte do alumnado para ler aos nenos e nenas de cursos máis baixos.	Equipo de biblioteca	Fin de curso	Alumnado colaborador, exemplares da biblioteca, títeres, kamisibai..	A maioría do alumnado participou nas actividades propostas.	Realizada	
				Non houbo participación do alumnado nas actividades propostas	Aprazada	
AO1.2: Involucrar e concienciar ás familias a través das "Mochilas e Bolsas viaxeiras"	Equipo de biblioteca e Claustro	Fin de curso	Alumnado, familias e exemplares de distintos xéneros para enviar nas mochilas	Máis do 50% do alumnado e familias se involucraron nas propostas	Realizada	
				Menos do 50% das familias se involucraron nas propostas	Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: "Hora de ler". Establecer diariamente 20 minutos adicados exclusivamente á lectura na aula cada día.	Claustro	Fin de curso	Alumnado, profesorado e libros	Máis do 50% do alumnado e familias se involucraron nas propostas	Realizada	
				Menos do 50% das familias se involucraron nas propostas	Aprazada	
					Pendente	





<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Promocionar a biblioteca escolar e utilizar axeitadamente os seus recursos.			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo biblioteca			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de alumnos que visitan no recreo a biblioteca					
<b>Valor de partida (3)</b>	O valor de partido é cero					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Fin de curso			Todo o curso 23-24		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A02.1: Involucrar ao alumnado de educación primaria para coñecer e colaborar nas labores da biblioteca ( incluído manexo do Meiga)</b>	Claustro e Equipo de biblioteca	Fin de curso	Ordenadores	Máis do 50% do alumnado se involucrou nas tarefas	<b>Realizada</b>	
				Menos do 50% do alumnado se involucrou nas tarefas	<b>Pendente</b>	
<b>A02.2:Coñecer os recursos dispoñibles na biblioteca e o seu uso e manexo (mesa de luz, radio,teatriño..)</b>	Equipo de biblioteca e Claustro	Fin de curso	Mesa de luz. Ordenadores, radio...	Máis do 50% do alumnado coñece o uso e manexo dos recursos	<b>Realizada</b>	
				Menos do 50% do alumnado coñece o uso e manexo dos recursos	<b>Pendente</b>	

<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Adquirir destrezas para localizar exemplares na biblioteca escolar			<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro e Equipo de biblioteca			<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de alumnado que acude nos recreos á biblioteca e localiza o que busca				
<b>Valor de partida (3)</b>	O valor de partida é cero				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Final de curso				
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>
<b>A03.1: Formación do alumnado voluntario de 6º de educación primaria</b>	Coordinadora da biblioteca	Final do mes de outubro de 2023	Alumnado voluntario	Máis do 50% do alumnado colabora	<b>Realizada</b>
				Menos do 50% do alumnado colabora	<b>Aprazada</b>
<b>A03.2: Formación do equipo de biblioteca na adquisición de destrezas e localización de exemplares na biblioteca.</b>	Coordinadora de biblioteca	Entre o 1º e o 2º trimestre	Coordinadora e tempo de adicación a xuntanzas do equipo	Máis do 50% do equipo está predisposto	<b>Realizada</b>
				Menos do 50% do equipo está predisposto	<b>Aprazada</b>
<b>A03.3 Formación do equipo de biblioteca nas tarefas de catalogación de libros, etiquetado e elaboración de carnets no Meiga.</b>	Coordinadora de biblioteca	Final de curso	Coordinadora e tempo de adicación a xuntanzas do equipo	Máis do 50% do equipo está predisposto	<b>Realizada</b>
				Menos do 50% do equipo está predisposto	<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>



<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a lectura e expresión oral na lingua galega			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro de mestres e Equipo de biblioteca			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de libros en lingua galega que se emprestan					
<b>Valor de partida (3)</b>	Valor de partida 0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Final de curso					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A04.1 Aumentar o número de exemplares en lingua galega para a biblioteca.</b>	Equipo de biblioteca e Claustro	Todo o curso	Presuposto para mercar libros	Máis 50% das lecturas son en galego	<b>Realizada</b>	
				Menos do 50% das lecturas son en galego	<b>Aprazada</b>	
<b>A04.2 Fomentar a lectura en galego durante a "Hora de ler"</b>	Titoras de cada aula	Todo o curso	Profesorado e exemplares	Máis 50% das lecturas son en galego	<b>Realizada</b>	
				Menos do 50% das lecturas son en galego	<b>Aprazada</b>	
<b>A04.3 Programar conta-contos, dramatizacións, guións de entrevistas de radio, etc. en lingua galega.</b>	Titoras de cada aula	Todo o curso	Profesorado	Máis do 50% das lecturas son en galego	<b>Realizada</b>	
				Menos do 50% das lecturas son en galego	<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



#### 4. Avaliación do plan

Para a elaboración e coordinación do Plan de Biblioteca desenvolveremos o seguinte procedementos:

- **Trimestralmente** valorarase o estado de execución de cada unha das accións de mellora e a análise e valoración dos resultados tal e como está recollido en cada unha delas. Axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas acción durante o curso para que as propostas se materialicen. e ser necesario recolleranse as propostas de mellora para acadar o logro desas accións.
- Os resultados da avaliación do terceiro trimestre, **avaliación final**, recollerán o logro das accións e propostas de mellora para desenvolver no seguinte curso. Estes datos quedarán reflectidos na memoria do curso escolar para presentar ao claustro e ao Consello Escolar.

#### 5. Difusión do plan

O Plan de Biblioteca aparecerá na páxina web do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Este Plan entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, poñéndose en práctica no curso 2023-2024.

**Aprobado polo Claustro:** 30 de xaneiro de 2024

**Aprobado polo Consello Escolar:** 30 de xaneiro de 2024

M<sup>a</sup> del Carmen Loureiro Rodríguez  
Directora

Iria Rico Varela  
Secretaria